

CONVOCATORIA

Misión comercial inversa SECTOR: MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN 20 -24 de setembro de 2010

No marco do Plan FOEXGA 2010, as Cámaras de Comercio de Ferrol e Lugo organizan unha misión comercial inversa na que se invitará a importadores e distribuidores de Polonia, República Checa e Eslovaquia a coñecer a oferta exportadora de Galicia no sector de materiais de construción.

ORGANIZAN: Cámaras de Comercio de Lugo e Ferrol

COLABORAN: Cámaras de Comercio de Galicia

COFINANCIA: Dirección Xeral de Comercio. Consellería de Economía e Industria. XUNTA DE GALICIA

**** AS AXUDAS DA XUNTA DE GALICIA DENTRO DO PLAN FOEXGA ESTÁN SUXEITAS AO **REGULAMENTO DE MINIMIS**, SENDO NECESARIA A PRESENTACIÓN POR PARTE DA EMPRESA BENEFICIARIA DUNHA DECLARACIÓN DO CUMPRIMENTO DE DEVANDITO REGULAMENTO.**

Para tal fin, achegamos declaración que deben enviarnos convenientemente cumprimentada e asinada.

SECTOR: Materiais de construción (*agás pedra natural)

PAÍSES: Polonia, República Checa e Eslovaquia

PROGRAMACIÓN DA MISIÓN:

- 20 de setembro: Chegada de importadores a Santiago de Compostela.
- 21, 22 e 23 de setembro: Visitas a empresas galegas.
- 24 de setembro: Regreso de importadores aos seus países de orixe.

CUSTO: Sen custo para as empresas galegas

DATA LÍMITE DE INSCRICIÓN: **26 de maio de 2010.**

- **PARA A PARTICIPACIÓN:** TERASE EN CONTA A DATA DE RECEPCIÓN DA INSCRICIÓN, PODERASE REALIZAR UNHA SELECCIÓN DE PARTICIPANTES EN FUNCIÓN DO TIPO DE PRODUTO, CAPACIDADE DE PRODUCCIÓN E OFERTA, ASÍ COMO A DISPOÑIBILIDADE DE MATERIAL DE PROMOCIÓN POLO MENOS EN INGLÉS.

FORMALIZACIÓN DE INSCRICIÓN: Para formalizar o seu inscrición na misión, deberá enviarnos a seguinte documentación:

- FICHA DE INSCRICIÓN debidamente cumprimentada e selada.
- DECLARACIÓN DE MÍNIMIS
- CATÁLOGO EN INGLÉS, E EN SOPORTE ELECTRÓNICO, DOS PRODUTOS A PROMOCIONAR.

Moi importante: Deben indicar na ficha de inscrición os PRODUTOS ESPECÍFICOS QUE LLES INTERESA PROMOCIONAR NESTE MERCADO, a fin de organizar os contactos de forma adecuada.



INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓN:

Cámara de Comercio de Ferrol
Dpto. Promoción Internacional
Tel: 981 333165 Fax: 981 333096
comex@camaraferrol.org
www.camaraferrol.org

Cámara de Comercio de Lugo
Tel: 982 284300 Fax: 982 244301
relais@camaralugo.com
www.camaralugo.com